

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 9 DE XANEIRO DE 2014

2.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade relativa ao expediente de xestión dos expedientes sancionadores por infraccións contra a normativa de tráfico vial urbano do Concello de Santiago.

A empresa que fora adxudicataria do servizo de xestión de multas GRS ARC LOCAL, pero que non chegou a prestar este servizo polo recurso da anterior adxudicataria CIS, presentou un escrito no Concello por parte dos seus administradores concursais no que se informa de que está en situación de concurso voluntario de acreedores polo que solicita ao Concello a resolución do contrato por non poder executalo e a devolución do aval de 18.000 €.

Á vista do informe da Asesoría Xurídica do Concello a XGL aprobou, a proposta do concelleiro de mobilidade, aceptar a renuncia da empresa GRS ARC LOCAL para a prestación deste servizo e proceder a solicitar ao segundo clasificado na adxudicación que presente a documentación pertinente para que esta empresa, CIS S.L. sexa a que resulte adxudicataria final. Esta empresa é a que xa viña realizando este servizo.

URXENCIAS

1.- Proposta da concelleira delegada de Xuventude relativa á autorización da realización do I Certame de música santiAUTOR para artistas noveis.

A XGL aprobou a proposta da concelleira de Xuventude do I Certame de música SantiAutor para artistas noveis que convoca a Concellaría de Xuventude co obxectivo de promover, impulsar e canalizar a creatividade musical dos novos cantautores.

Os destinatarios son todos aqueles mozos e mozas de entre 16 e 35 anos que estean empadroados nalgún concello galego. O custo desta actividade será de 5124,25 €.

2.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano relativa á aprobación do convenio modificado entre o Concello e ADIF para executar obras de acondicionamento e mellora das condicións de tráfico rodado do viario público que da acceso á estación de A Susana en Marrozos, dende a estrada AC-960, e deixar sen efecto o acordo adoptado na sesión de 16.9.13.

Na sesión da XGL que tivo lugar o 16 de setembro do ano pasado aprobouse este convenio e posteriormente xurdiron discrepancias sobre a titularidade do vial.

Co obxectivo de non retrasar esta actuación urxente e pola seguridade do tráfico rodado e peonil, sen prexuízo das actuacións de regularización patrimonial que se realicen, o que se fai aprobando esta proposta é suprimir a cláusula que dicía que terminadas as obras ADIF procederá á súa entrega ao Concello de Santiago de Compostela para a súa incorporación o dominio público, comprometéndose ADIF a mantelo en perfectas condicións de conservación mentres se realicen as actuais operacións de transporte intermodal na Susana.

O resto do contido do convenio permanece substancialmente idéntico salvo as meras alteracións de sintaxe precisas para manter a coherencia coa cláusula suprimida.